



CONCELLO DE TEO

D^a. VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Sra. alcaldesa, con data de 5 de maio de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D.^a MARÍA GIL CARBAJAL (2026/G003/00057)

EXPEDIENTE: 2026/X999/000318

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que, con data de 4 de maio de 2026 (rex. entrada nº1635) presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por María Gil Carbajal, con DNI ***1715**.

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde ao falecemento do cónxuxe, sendo o enterro en data 5 de maio de 2026.

Considerando que a persoa interesada aportou, xunto coa solicitude, a documentación esixida ao efecto, agás os certificados relativos a estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias, non podendo esperar a interesada á súa obtención, para que lle



CONCELLO DE TEO

sexa adxudicado o nicho, polas razóns expostas, comprometéndose a presentalos en canto lle sexa posible.

Considerando que, de acordo co exposto e á vista da necesidade inaprazable da interesada, no día de onte, 4 de maio de 2026, formulouse proposta de adxudicación a favor de María Gil Carbajal, sendo publicada na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios en data 5 de maio.

Considerando que de forma inmediata procedeuse a efectuar o aboamento das tarifas pola interesada, tal e como acreditou mediante o xustificante de dito aboamento (rex. entrada nº 1635 do 4 de maio de 2026).

Tendo en conta que as tarifas aboadas correspóndense non só coa correspondente ao nicho, senón tamén coa tarifa correspondente á garantía definitiva.

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns de data 5 de maio de 2026.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho **35-A Bloque 2** a D.^a María Gil Carbajal, con DNI ***1715**, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía de de 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Dar por constituída a garantía definitiva, que ascende a 35,80 €, os cales se corresponden co 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación (sendo o valor de cada nicho de 1.193,21€).



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Lembrar á interesada o compromiso de presentar, en canto lle sexa posible, os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (Hacienda estatal e Facenda Pública galega) e coas obrigas da Seguridade Social.

Cuarto.- Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

Visto e praxe

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz